

RESOLUCIÓN pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2023 e 2024, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (código de procedemento MR701D) para o GDR - 14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural

Fundamentación xurídica.-

-Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR - 14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, asinado o 13 de decembro de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 13 de decembro de 2019, aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e publicáronse mediante a Resolución do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 13 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro), modificado por Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 10 de marzo de 2021 (DOG núm. 53, do 18 de marzo).

A este respecto, cómpre sinalar que o artigo 16.1 das citadas bases reguladoras polas que se rexe esta convocatoria, dispón o seguinte:

“Dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais para cada un dos GDR, correspondentes á submedida 19.2, que se establezan en cada convocatoria, corresponde a cada GDR solicitar a Agader, en función do sinalado na convocatoria e na súa estratexia de desenvolvemento local, a aprobación do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de proxectos que se indican no parágrafo primeiro do número 1 deste artigo. As solicitudes de cada un dos GDR deberán remitirse a Agader durante os quince días naturais inmediatamente posteriores á data da publicación de cada unha das convocatorias.”

Por outra parte, o artigo 53.1 das bases reguladoras sinala que “serán subvencionables os proxectos que se dirixan especificamente á poboación activa do territorio, coa finalidade de mellorar a capacitación para o emprego tanto por conta propia como allea”. Cómpre sinalar que esta tipoloxía concreta de proxectos de formación, que están integrados na submedida 19.2 do PDR de Galicia 2014-2020 e por conseguinte na presente convocatoria, non son proxectos sometidos a concorrencia competitiva posto que son promovidos de maneira directa polos propios GDR (artigo 56 das bases reguladoras) ata un máximo do 2,5% dos fondos públicos que se lle asignen a cada GDR con cargo á submedida 19.2 (artigo 55.3 das bases reguladoras).





- Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se convocaron, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2023 e 2024, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (código de procedemento MR701D e publicadas no DOG do 29 de decembro de 2022, núm. 247).

-Resolución do 17 de maio de 2023 pola que se modifica a distribución de importes, por tipoloxías de proxectos, en relación á resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se convocaron, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2023 e 2024, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG do 23 de maio de 2023, núm 96).

Tendo en conta que rematou o prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria 2023-24 de axudas para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2, e coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 16.1 das bases reguladoras, procede, en función do solicitado polo GDR, establecer os importes máximos por tipoloxías para as anualidades 2023 e 2024 contra os que se poderán propoñer as correspondentes propostas de resolución de concesión de axudas por parte da xunta directiva do GDR.

En consecuencia,

RESOLVO:

Artigo 1.- A distribución por tipoloxías dos fondos dispoñibles para esta convocatoria de proxectos, será a que se indica no seguinte cadro, segundo consta na acta/certificado da xunta directiva do GDR 14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural do 10/01/2023:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.023	%	2.024	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	73.359,81	65,00	293.439,26	65,00	366.799,07	65,00
	Non productivos (entidades públicas locais)	11.850,43	10,50	47.401,73	10,50	59.252,16	10,50
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	27.651,01	24,50	110.604,02	24,50	138.255,03	24,50
	Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL		112.861,25		451.445,01		564.306,26

Artigo 2 . - A redistribución de importes por tipoloxías de gasto non lle afecta ao prazo de presentación de solicitudes nin supón o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Disposición adicional

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun





mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, ao abeiro do artigo 10.1a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.
Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A directora xeral da Agader

Inés Santé Riveira

